

RESOLUCIÓN do 17 de setembro de 2026 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego pola que se acorda a realización da proba adicional prevista no artigo 15 da Resolución do 12 de decembro de 2025, pola que se convocan as probas de competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación e se aproba a relación provisional das persoas admitidas.

O artigo 15 da Resolución do 12 de decembro de 2025 establece a realización dunha proba adicional para todas as persoas participantes, inscritas e presentadas ás probas de competencias clave obxecto desta convocatoria, ás cales logo da finalización destas lles quedase pendente de superar todas ou algunha das competencia clave.

En data 16 de maio de 2026 tiveron lugar as probas de avaliación en competencias clave e as cualificacións definitivas foron publicadas na páxina web da Consellería Emprego, Comercio e Emigración <https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas> .

De conformidade co establecido no artigo 15 da Resolución do 12 de decembro de 2025 pola que se convocan as probas de avaliación en competencias clave para acceder á formación dos certificados profesionais dos niveis 2 e 3 de cualificación e tendo en conta os resultados definitivos publicados, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Levar a cabo a realización da proba adicional prevista no artigo 15 da Resolución do 12 de decembro de 2025 na que poderán participar as persoas que se recollen no anexo I desta resolución.

Segundo. As probas terán lugar, sempre que ningunha circunstancia excepcional o impida, o día 10 de outubro de 2026 e realizaranse no Centro de Novas Tecnoloxías en Santiago de Compostela.

Os horarios para desenvolver as probas así como calquera outra información de interese, publicaranse na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración <https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas> .

Terceiro: Aprobar a relación provisional de persoas admitidas (anexo I) para participar na proba adicional de avaliación en competencias clave.



Cuarto: Publicar na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración <https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas> a dita relación provisional de persoas admitidas indicadas no apartado anterior.

De acordo co disposto no artigo 9.2 e no artigo 15.3 da Resolución do 12 de decembro de 2024, as persoas interesadas poderán reclamar contra a relación provisional de persoas admitidas, no prazo de catro días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na citada páxina web.

Asinado na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Zeltia Lado Lago

